

## 31.7.18| Programa de benestar a través da talasoterapia 2018

Este ano 2018 ponse en marcha o “**Programa de benestar a través da talasoterapia**”, coa finalidade de facilitarlles ás persoas maiores o acceso a establecementos que ofertan talasoterapia en épocas nas que a climatoloxía non nos permite gozar directamente dos beneficios das augas mariñas.

Mediante este programa ofértanse un total de 210 prazas con estadías de 6 días (5 noites) nos talasos de Galicia e nas datas que se indican no **díptico**.



### Persoas beneficiarias e requisitos

- Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa.
- Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos de talasoterapia.
- Acadar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lle permita acceder a un dos talasos e quenda solicitada.

\* Non se contempla ningún tipo de apoio para as persoas que non se poidan valer por si mesmas.

A persoa solicitante poderá ir acompañada:

- O seu ou a súa cónxuxe ou, se fose o caso, a parella de feito ou persoa coa que teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra a) do punto primeiro.
- Unha persoa coa que desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos citados no apartado 1.

As persoas solicitantes terán que cumprir os requisitos establecidos na data en que remate o prazo de presentación de solicitude

### Servizos e prestacións que se inclúen

- Estadía de 6 días, cinco noites (de domingo a venres).
- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido.
- Acceso diario ao circuíto mariño
- Póliza colectiva de seguro turístico

### Documentación

**Solicitude (word) | Solicitude (pdf)**

### Prazo de presentación

para a presentación das solicitudes estará aberto **ata o día 31 de xullo do 2018**.

### Lugar de presentación

Consellería de Política Social. Dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Subdirección xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia.

### Máis información

Dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Subdirección xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia

Tlfn: 981 546737/ FAX: 981 545691;

correo electrónico: [autonomiapersoal.sxps@xunta.gal](mailto:autonomiapersoal.sxps@xunta.gal)

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-maiores>

**Teléfono Social: 900 333 666**

---

[Imprimir](#)